



MEMORIA FUNCIONAL E ECONÓMICA DA MODIFICACIÓN DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO (RPT) DA CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

No Diario Oficial de Galicia núm. 120, do 23 de xuño de 2022, publicouse o Decreto 113/2022, do 16 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Facenda e Administración Pública, que foi modificado polo Decreto 127/2023, do 31 de agosto, polo que se crea o Comité Técnico de Coordinación dos Fondos Europeos e se establecen a súa composición, funcións e réxime de funcionamento (Diario Oficial de Galicia núm. 171, do 8 de setembro de 2023).

Nos seguintes apartados, detállanse os cambios que se introducen nos postos da vixente RPT, que foi publicada por Resolución do 27 de outubro de 2017 (DOG núm. 210, do 6 de novembro de 2017), xunto coas modificacións publicadas por Resolución do 26 de decembro de 2017 (DOG núm. 2, do 3 de xaneiro de 2018), por Resolución do 9 de abril de 2018 (DOG núm. 74, do 17 de abril de 2018), por Resolución do 13 de xuño de 2019 (DOG núm. 112, do 14 de xuño de 2019), por Resolución do 31 de xullo de 2020 (DOG núm. 160, do 11 de agosto de 2020), por Resolución do 30 de xuño de 2022 (DOG núm. 126, do 4 de xullo de 2022), e por Resolución do 3 de marzo de 2023 (DOG núm. 48, do 9 de marzo de 2023).

O obxecto da modificación da RPT que agora se propón afecta aos corpos/escalas aos que están abertos os postos que se expoñen a continuación, así como, de ser o caso, ás titulacións académicas. Tal como se indica en cada un dos apartados seguintes, con esta modificación preténdese adecuar a configuración dos postos de traballo ás funcións que teñen encomendadas, o que ademais posibilitará o acceso aos postos referidos a un maior número de persoal funcionario que reúna as condicións administrativas para o desenvolvemento das funcións descritas no decreto de estrutura orgánica vixente.

1. SECRETARÍA XERAL TÉCNICA E DO PATRIMONIO

Modificacións

Na Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio, a Vicesecretaría Xeral ten encomendadas as seguintes funcións, consonte o artigo 6 do Decreto 113/2022:

"a) A suplencia, nos supostos de vacante, ausencia ou enfermidade, así como de abstención ou recusación declarada, da persoa titular da Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio, agás designación expresa en favor da persoa titular doutra subdirección xeral.

b) A asistencia á persoa titular da Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio en cantos asuntos lle encomende esta para a coordinación dos servizos.



- c) A coordinación da elaboración do anteproxecto de orzamentos da Consellería, a proposta das actuacións concernentes ao réxime interno dos servizos da Consellería e cantas disposicións afecten o seu funcionamento.*
- d) O impulso, coordinación e tramitación das actuacións cun enfoque transversal financiadas a través da sección 23 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma, nas cales estean implicados distintos centros directivos ou organismos do sector público autonómico.*
- e) A coordinación das relacións con outras administracións públicas.*
- f) As correspondentes ao órgano estatístico da Consellería.”*

A Vicesecretaría Xeral conta coas seguintes unidades administrativas con nivel orgánico de servizo: o Servizo de Persoal, o Servizo de Xestión Económica e Control Orzamentario (que ten a consideración de oficina orzamentaria), o Servizo de Contratación e Réxime Interior e o Servizo de Coordinación con outras Administracións Públicas.

Tendo en conta as súas funcións, que abranguen tanto a suplencia da persoa titular da Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio, como tarefas de coordinación de carácter xeral así como en materia orzamentaria ou outras de carácter transversal, e as das unidades del dependentes, propónse que o posto de traballo denominado Vicesecretaría Xeral, código FC.C02.00.001.15770.001, pase a estar aberto en corpo/escala a Xeral / Xeral (escala superior de finanzas) / Especial.

Pola súa banda, a Subdirección Xeral do Patrimonio exerce as seguintes funcións, consonte o artigo 7 do Decreto 113/2022:

- “a) A coordinación e normalización do tráfico xurídico dos bens patrimoniais da Comunidade Autónoma e a forma de utilización dos bens de dominio público, así como a xestión de todos os asuntos concernentes á administración e ao tráfico dos ditos bens.*
- b) O control dos ingresos e rendementos que proporcione á Comunidade Autónoma o seu patrimonio, sen prexuízo das competencias que lles poidan corresponder a outros centros directivos da Consellería.*
- c) A acreditación da procedencia da sucesión legal a favor da Comunidade Autónoma de Galicia e a posterior administración, xestión e liquidación provisional do patrimonio das herdanzas intestadas así deferidas.”*

A Subdirección Xeral do Patrimonio conta coas seguintes unidades administrativas con nivel orgánico de servizo: o Servizo Técnico de Inventario, o Servizo de Investigación Patrimonial e Obras, o Servizo de Administración e Xestión Patrimonial, o Servizo de Xestión de Riscos e Seguros e o Servizo de Protección e Defensa Patrimonial.

Tendo en conta as funcións que ten encomendadas, referidas aos bens tanto patrimoniais como de dominio público da Comunidade Autónoma, incluíndo a xestión dos asuntos relativos á administración e tráfico destes bens ou o control dos ingresos e rendementos do patrimonio, así como as das unidades del dependentes, propónse que o posto de traballo denominado Subdirector/a Xeral do Patrimonio, código FC.C02.00.002.15770.001, pase a estar aberto en corpo/escala a Xeral / Xeral (escala superior de finanzas) / Especial. E elimínase a titulación académica 2062 (licenciado/a en dereito).

E, de acordo co artigo 5.2.4. do Decreto 113/2022, a Subdirección Xeral de Estudos, integrada organicamente na Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio e con dependencia funcional da persoa titular da Consellería, ten atribuídas as seguintes funcións:

- a) O apoio técnico á persoa titular da Consellería no ámbito da súa competencia.*
- b) A elaboración de análises, estudos e estatísticas que resulten necesarios para a dirección das políticas propias da Consellería.*
- c) A elaboración de programas derivados de convenios de colaboración con outros organismos e participación na elaboración e execución dos programas estatísticos que formen parte do sistema integrado de contas económicas de Galicia.*
- d) A definición e coordinación da formación do seu persoal nas materias relacionadas coa política económica, orzamentaria, coas técnicas de previsión económica, así como dos estudos estatísticos, e coas demais materias de coñecemento imprescindibles para un adecuado exercicio das súas competencias.*
- e) Calquera outra que lle encomende a persoa titular da Consellería.”*

Á vista das súas funcións, que abranguen dende o apoio técnico á persoal titular da consellería como outras tarefas de carácter transversal, que afectan a aspectos económicos, orzamentarios ou estatísticos, propónse que o posto de traballo denominado Subdirector/a Xeral de Estudos, código FC.C02.00.006.15770.001, pase a estar aberto en corpo/escala a Xeral / Estatutario Sergas / Xeral (escala superior de estatística) / Xeral (escala superior de Sistemas e Tecnoloxía da Información) / Especial.

2. DIRECCIÓN XERAL DE POLÍTICA DE COHESIÓN E FONDOS EUROPEOS

Modificacións

Na Dirección Xeral de Política de Cohesión e Fondos Europeos, consonte o artigo 23.2.4 do Decreto 113/2022, a Subdirección Xeral de Inspección e Control dos Fondos

Europeos exerce as seguintes funcións en relación con todos os programas de fondos europeos en que a Dirección Xeral de Política de Cohesión e Fondos Europeos actúe como autoridade de xestión, organismo intermedio, organismo coordinador ou organismo equivalente:

- “a) A realización daquelas actuacións en relación coas verificacións de xestión exixidas nos regulamentos comunitarios, nos termos que se establezan nas respectivas descrições de funcións e procedementos dos programas.*
 - b) A coordinación das auditorías, misións de control ou outras actuacións de control a nivel comunitario, estatal ou autonómico.*
 - c) A elaboración e coordinación do Plan anual de comprobacións relativas ao mantemento das operacións cofinanciadas polos programas do Feder, do FSE e outros fondos que se lle asignen, nas condicións e prazos exixidos nos regulamentos comunitarios.*
 - d) A suplencia, nos supostos de vacante, ausencia ou enfermidade, así como de abstención ou recusación declarada, da persoa titular da Dirección Xeral, agás designación expresa en favor da persoa titular doutra subdirección xeral.*
- As restantes funcións relativas ao control dos fondos que veñan descritas no documento de descrição de funcións e procedementos.”*

A Subdirección Xeral de Inspección e Control dos Fondos Europeos conta coas seguintes unidades administrativas con nivel orgánico de servizo: o Servizo de Inspección e Control do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional e o Servizo de Inspección e Control do Fondo Social Europeo.

Tendo en conta as funcións que ten encomendadas, referidas a todos os programas de fondos europeos en que a dirección xeral actúe como autoridade de xestión, organismo intermedio, organismo coordinador ou organismo equivalente, e que abranguen actuacións en relación coas verificacións de xestión exixidas nos regulamentos comunitarios, a coordinación de auditorías, misións de control ou outras actuacións de control a nivel comunitario, estatal ou autonómico, así como a elaboración e coordinación do Plan anual de comprobacións relativas ao mantemento das operacións cofinanciadas por diferentes fondos, e as das unidades dependentes, propónse que o posto de traballo denominado Subdirector/a Xeral de Inspección e Control dos Fondos Europeos, código FC.C06.00.004.15770.001, pase a estar aberto en corpo/escala a Xeral / Xeral (escala superior de finanzas) / Especial.

Pola súa banda, a Subdirección Xeral de Coordinación e Seguimento dos fondos NextGenerationEU, de conformidade co artigo 23.2.5 do Decreto 113/2022, exerce as seguintes funcións:



- “a) A coordinación e asesoramento das entidades e órganos executores de proxectos públicos financiados con fondos do Mecanismo de recuperación e resiliencia no ámbito da Comunidade Autónoma.*
- b) A asistencia técnica de apoio operativo ás entidades e órganos executores no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia.*
- c) A supervisión dos progresos no cumprimento dos fitos e obxectivos vinculados ás reformas e investimentos do Plan de recuperación, transformación e resiliencia.*
- d) O seguimento das asignacións e da execución orzamentaria das medidas financiadas con fondos procedentes do Mecanismo de recuperación e resiliencia.*
- e) O establecemento de criterios e propostas de mellora para o correcto desempeño na xestión e control do Mecanismo de recuperación e resiliencia.*
- f) A centralización e achega de información das entidades e órganos executores do Mecanismo de recuperación e resiliencia aos distintos organismos de control.*
- g) Emitir informe sobre as propostas de normativa de desenvolvemento relacionada coa xestión e control do Mecanismo de recuperación e resiliencia.*
- h) O desenvolvemento de accións formativas para o persoal dos centros directivos que executan fondos procedentes do Mecanismo de recuperación e resiliencia.*
- i) O seguimento, elaboración e remisión de informes correspondentes ao cadro de mandos.*
- j) A coordinación coas autoridades competentes da Administración xeral do Estado no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia.*
- k) As tarefas de comunicación en relación coas actuacións desenvolvidas pola Xunta de Galicia no marco dos fondos NextGenerationEU.”*

Á vista das funcións que ten encomendadas, que abranguen tanto labores de coordinación e asesoramento en relación con proxectos financiados con fondos europeos, como de asistencia técnica de apoio operativo ou de supervisión dos progresos no cumprimento dos fitos e obxectivos vinculados ás reformas e investimentos, así como outros de carácter orzamentario ou de emisión de informes, propónse que o posto de traballo denominado Subdirector/a Xeral de Coordinación e Seguimento dos fondos NextGenerationEU, código FC.C06.00.005.15770.001, pase a estar aberto en corpo/escala a Xeral / Xeral (escala superior de finanzas) / Especial.

A aprobación desta proposta de modificación da RPT non comporta custo económico nin supón incremento de gasto público.

Santiago de Compostela, na data da súa sinatura dixital.
O secretario xeral técnico e do Patrimonio

Jorge Atán Castro